

Acta da Sesión Ordinaria da Comisión de Garantía de Calidade do 10 de outubro de 2014

Asistentes:

Aneiros Pereira, Jaime

Dorribo Rivera, José Miguel

Pillado González, Esther

Pita Grandal, Ana María

Rodríguez Rodríguez, Emma

Torres Pérez, Francisco José

Excusan a súa asistencia: Ramón Jáudenes López de Castro, Rafael Fernández Acevedo; Javier de Vicente Remesal

Da comezo a reunión sendo as 10.10 da mañá co seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores.
2. Informes da Decana.
3. Aprobación, se procede, do informe do PAT 2013/ 14.
4. Aprobación, se procede, dos informes de coordinación 2013/ 14 de titulacións do Centro.
5. Aprobación, se procede, da Normativa de composición e funcionamento da Comisión de Coordinación do Grao en Dereito das Facultades de Dereito e de Ciencias Xurídicas e do Traballo.
6. Ratificación de proposta de creación de Comisión de Coordinación do Master en Avogacía.
7. Informe e valoración dos resultados das taxas e indicadores académicos do curso 2013114 .
8. Informe e valoración das enquisas de satisfacción do Centro e das titulacións do mesmo relativas ao curso 2013/14 .
9. Intervención do Director da Área de Calidade, don Xosé María Gómez Clemente acerca do proceso de acreditación de titulacións e SGIC.
10. Rolda aberta de intervencións.

1.- Lectura e aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores

Apróbase a acta da reunión anterior.

Solicítase pola Decana a revisión dos integrantes da Comisión de Calidade para que sexan convocadas tan só aquelas persoas que forman parte da mesma na actualidade.

Altérase a orde do día prevista debido a presenza na reunión de D. Xosé María Gómez Clemente, Director da Área de Apoio a Docencia e Calidade da UVigo.

9.- Intervención do Director da Área de Calidade, don Xosé María Gómez Clemente acerca do proceso de acreditación de titulacións e SGIC

1. A **Decana agradece** a presenza de D. Xosé María Gómez Clemente na presente reunión. **Agradecemento ao que se unen tódalas persoas integrantes da Comisión.**
2. O **Director do Área de Calidade informa sobre os procesos de certificación de SGIC** que se levaron a cabo ata o de agora na UVigo. Foron 6 centros dos que se acreditaron 3 (Filoloxía, Minas e Informática), a 2 lle concederon 6 meses para corrixir erros detectados ou modificar certas cuestións (Dereito e Fisioterapia), e a 1 non lle concederon a certificación (Turismo).
3. Tanto no proceso de certificación dos SGIC como nos de acreditación de titulacións existe un **interese institucional** no éxito e bo fin dos mesmos. Por tal motivo para a necesaria revisión documental inherente a tales procesos, **dotarase aos Centros dun persoal administrativo de apoio ata que finalice a fase de visita/auditoría do Centro.**

No caso de Ciencias Xurídicas e do Traballo, desde esta semana ven traballando unha administrativa (Catalina Losada) no despacho A204, durante tres días a semana (luns, mércores e venres) co mesmo horario que os demais servizos administrativos. Trátase dunha persoa que compartiremos coa Facultade de CCEE na que estará traballando os dous días restantes. Si fora necesario que estivera mais tempo na noso Centro non habería ningún problema dado que a carga de traballo é moito maior por ter decidido acreditar dúas titulacións e certificar o SGIC.

Ademais existe unha bolseira de calidade (Lorena Fernández) que está axudando nestas tarefas tódolos días da semana en horario de 10 a 14 horas.

4. Precisamente, ao fío desta última cuestión, o Director informa que a **revisión técnica dos informes de seguimento provisionais** finaliza hoxe (día 10 de outubro) e que serán remitidos aos Centros ao fin da mañá. O prazo para remitir os informes definitivos coas, no seu caso, modificacións incorporadas, finaliza o vindeiro 27 de outubro. Finalmente se remitirán a ACSUG o 31 de outubro.

5. Todo o proceso, como é sabido, culmínase cunha **visita a institución dun equipo de auditores**.

Os auditores deberán ter toda a documentación subida ao sistema o vindeiro 12 de decembro. Analizará a citada información pero no só, de modo que poderán prestar atención a outras canles de información pública como as páxinas web. A finais de xaneiro farase a visita as instalacións do centro durante dous días a efectos de certificar e acreditar, no seu caso, o SGIC e a titulación do Grao en RRL e RRHH e o Máster en Menores respectivamente.

Durante esa visita o papel da Comisión de Garantía de Calidade é esencial dado que, de tódalas reunións que se concertarán, a máis relevante é a que os Auditores terán cas persoas integrantes da Comisión.

O Director recomenda preparar exhaustivamente a visita, repasando, en concreto, a actividade que ten feito a Comisión de Garantía de Calidade do Centro. Tamén indica a procedencia de ir concienciando ao profesorado das dúas titulacións dado que o equipo de auditoría requirirá información detallada sobre materias elixidas ao azar de tales títulos.

Recoméndase neste punto, a revisión dos sistemas de avaliación, as competencias de cada materia en base a memoria da titulación e o consignado nas guías docentes para detectar posibles incoherencias. Tamén compre, revisar Tráballo de Fin de Mestre/TFG, centrándose no proceso de avaliación en competencias. O Director incide na cuestión de informar e valorar na Comisión de Calidade, ou na que corresponda, dos resultados académicos.

O fío destas apreciacións, o profesor Jaime Aneiros pregunta si sería suficiente que a reflexión se plasmase no informe de coordinación que despois se aproban na Comisión. Ante esta pregunta, o Director confirma que sen problema. A Decana amosa a súa preocupación co SGIC e co proceso de visita. En concreto con determinadas valoracións negativas no informe de RRL que non incorpora medidas de mellora.

En relación con certas **medidas de coordinación no grao en RRLL e RRHH**, **proponse adoptar medidas de mellora**, en particular, **acórdase que** o novo Coordinador de RRLL e RRHH (Rafael Fernández Acevedo) convoque unha reunión cos profesores de primeiro para tratar puntos problemáticos sinalados no informe de coordinación 2013/2014

6. Ademais, a **Decana indica problemas de apoio administrativo para os Mestrados** o que xera, na súa opinión e na de varias persoas integrantes da comisión, unha situación insostible. Gómez Clemente informa que este asunto –de dotar persoal- está na axenda do Reitor e que a decisión podería ser adoptada no mes de decembro.

A Decana tamén amosase preocupada coas **evidencias e documentación e si todo está correcto para pasar o proceso de acreditación**. Neste punto, o técnico de calidade e membro da Comisión, José Miguel Dorribo, reitera que os rexistros do SGIC do 2013/2014 teñen que estar perfectos. Dese ano cara atrás, hai que intentar completar o máximo posible.

7. A Decana tamén manifesta a **posibilidade de variar a composición da Comisión de Calidade**. En particular amosase preocupada respecto a representación do alumnado na nova comisión de calidade. Nesta materia, Miguel Dorribo remitirá listado cos novos criterios de composición e anímanos a variación da Comisión dado o importante papel que xoga este órgano na certificación e acreditación –en particular o alumnado e os egresados-.

Como **acordo relativo a este punto**, levarase a nova composición da Comisión de Calidade na vindeira Xunta de Titulación –a celebrar na próxima semana (do 13 ao 17 de outubro)-.

8. Ademais, o Director, insiste na **importancia do papel do alumnado durante a visita** e a relevancia do documento **Guía de Acreditación para preparar correctamente a visita** prevista para finais de xaneiro. Neste senso Gómez Clemente comprométese vir a unha de esas sesións de simulación da visita en base a Guía de Acreditación e traer a Vicedecano de Ciencias da Comunicación.

A Decana manifesta a súa preocupación sobre as queixas do profesorado durante a visita, polo exceso de traballo e pola procedencia heteroxénea do profesorado. Gómez Clemente mantén que o Centro ten que detectar problemas e responsabilidades relativos a estas cuestións e transmitilos aos órganos competentes.

9. **Finaliza a intervención do Director** e, tanto a Decana como as diversas persoas integrantes da Comisión, reiteran o **agradecemento pola súa presenza**.

2.- Informes da Decana.

A Decana informa sobre a designación do novo coordinador do grao en RRL e RRHH, o profesor de Dereito Administrativo, D. Rafael Fernández Acevedo.

A Decana informa sobre o apoio administrativo en tarefas de calidade –tal e como xa se indicou na intervención do Director da Área de Calidade (vid.supra)-.

Tamén infórmase sobre os traballos de actualización/creación das páxinas web propias dos títulos do Centro. Neste punto, Miguel Dorribo, indica que o importante é mellorar tódolos aspectos relativos á información pública dos títulos que consta nas súas páxinas web.

Por último, a Decana informa que se teñen cursado varias queixas a través do formulario da páxina web. En concreto, dúas relacionadas coa climatización da aula A2 e unha sobre a instalación de forno microondas na Cafetería. O Coordinador de Calidade, informa que deuse resposta as persoas que fixeron a queixa e que, no que atinxe aos problemas na aula A2, adoptouse como medida provisional o cambio do grupo de RRL –quenda de tarde- que tiña clase na citada aula por unha mellor aclimatada.

3.- Aprobación, se procede, do informe do PAT 2013/ 14.

Acordo adoptado:

Aprobase por asentimento

4.- Aprobación, se procede, dos informes de coordinación 2013/ 14 de titulacións do Centro.

En primeiro lugar, infórmase por Miguel Dorribo que pódense presentar ata o vindeiro 12 de decembro, dado que esa é a data límite para subir evidencias no SGIC que vai ser certificado.

Respecto ao Máster en Xestión Laboral, infórmase por Miguel Dorribo que ao ser interuniversitario ten certas especialidades. A parte de coordinación que depende deste centro debería constar no SGIC do Centro. A efectos de certificación se valoran as actividades dese Máster que se realizan nese centro. A Coordinadora de tal título, Emma Rodríguez, informa sobre o estado do proceso de acreditación no Master sinalando que hai unha coordinadora de calidade na USC e que os diversos informes de seguimentos teñen sido, ata agora, positivos.

En relación coa aprobación dos informes de coordinación presentados, a Decana puntualiza que sería conveniente que no caso de expresar problemas detectados polas persoas coordinadoras dos diversos títulos, deberían tamén sinalarse as posibles melloras ou solucións. Neste punto, o coordinador do grao en Dereito, D. Jaime Aneiros indica que moitas das propostas de mellora figuran xa previstas no informe de seguimento.

Como conclusión, propónse que sexan os propios Coordinadores os que indiquen tales accións, as comuniquen claramente ao equipo decanal/coordinador de calidade e fagan un seguimento da súa execución.

Propostas de mellora neste punto:

Que as persoas Coordinadoras se centren en cuestión de coordinación e problemas detectados; que se trasladen tales problemas eficazmente e informen dos resultados desa coordinación e, por último, verifiquen accións que se adoptaron.

Acordos adoptados:

Aprobación do informe de coordinación do Grado en RRLL e RRHH condicionada a su revisión. En particular respecto as manifestacións en relación ao TFG, puntualizando si se trata de queixa xeneralizada ou non, indicando as medidas adoptadas respecto ao problema detectado e, por último, plasmando toda a información no modelo oficial vixente.

Aprobación informe de coordinación do Grado Dereito condicionada a súa revisión. En particular, para centrarse en cuestións específicas de coordinación e as propostas de mellora/accións adoptadas. Así mesmo, deberase plasmar toda a información no modelo oficial vixente.

Aprobación do informe de coordinación do Master en Menores.

Compromiso:

O resto dos dos informes de coordinación (Máster Dereito de Empresa e Máster en Avogacía) levaranse a unha próxima Comisión de Calidade.

Prazo execución compromiso: 14 de novembro.

5.- Aprobación, se procede, da Normativa de composición e funcionamento da Comisión de Coordinación do Grao en Dereito das Facultades de Dereito e de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

A Decana informa que esta normativa foi elaborada en consenso coa Facultade de Dereito de Ourense. En todo caso, o que se aproba é a normativa de funcionamento –non a composición, dado que a mesma xa está prevista- da Comisión de Coordinación entre as Facultades de Dereito e de Ciencias Xurídicas e do Traballo no que atinxe ao grao en Dereito.

Acordo adoptado:

Apróbese por asentimento modificando, con respecto ao punto da orde do día, o indicado con anterioridade.

6.- Ratificación de proposta de creación de Comisión de Coordinación do Máster en Avogacía.

O título de Master en Avogacía non contempla unha Comisión de coordinación. A Decana e o Decano de ámbalas Facultades organizadoras do título propoñen a súa creación, polo que nesta Comisión de Calidade ratifícase a conveniencia de tal órgano.

A normativa de funcionamento de tal Comisión elaborárase por unha comisión de traballo creada para tal fin. A Decana e o Decano decidiron que tal comisión estaría integrada polas seguintes persoas: coordinadoras de ambos másteres, responsables de calidade de ámbolos centros, secretarios de ámbolos másteres

Acordo adoptado:

Apróbase a declaración de conveniencia desta Comisión coa creación da Comisión de Coordinación do Máster en Avogacía.

7.- Informe e valoración dos resultados das taxas e indicadores académicos do curso 2013/2014.

O encargado de facer esta valoración é o coordinador do grao en Dereito, Jaime Aneiros.

Compromiso:

A proposta de Miguel Dorribo, acórdase trasladar este punto ao Informe Anual de síntese que se presentará na Comisión de Garantía prevista para o vindeiro 14 de novembro. No mesmo analizaranse tódalas taxas e indicadores de tódalas titulacións. O 12 de decembro é a data límite para incorporar o informe anual ao SGIC

Prazo execución do compromiso: 14 de novembro

8.- Informe e valoración das enquisas de satisfacción do Centro e das titulacións do mesmo relativas ao curso 2013/14 .

O Coordinador de Calidade, Francisco Torres, é o encargado de valorar tales enquisas.

Destaca que os índices de participación baixan con respecto ao curso 2012/2013 tanto en alumnado como en profesorado. As notas das diversas titulacións sofren pequenas variacións. En relación cos índices de satisfacción, tanto no profesorado como no alumnado, declárase que

teñen lixeiras modificacións. En todo caso, ao seren datos públicos e obxectivos recoméndase a súa utilización para as posibles modificacións que haxa que realizar nos informes de seguimento trala revisión técnica feita pola área de calidade.

Miguel Dorribo indica que dende Reitoría tense pensado adoptar medidas institucionais de promoción para subir a participación. Así mesmo, opina que se deben adoptar medidas desde o centro para estimular participación do alumnado e do profesorado. A Decana propón un premio a sortear entre as persoas que realicen as enquisas. Miguel Dorribo, indica que poderíamos seguir o exemplo da de Informática onde se instaurou un sistema semellante de promoción.

Polo de pronto, sería conveniente trasladar ao alumnado de que o que opinan ten a súa validez. Por tal motivo, acórdase que, tras a súa presentación e valoración no Informe anual, poderíamos preparar unha sinxela presentación ao alumnado/profesorado das avaliacións feitas.

Compromisos:

Extraer destes informes as cuestións que poden presentarse como melloras/accións nos diferentes títulos e presentalo na reunión de calidade o vindeiro 14 de novembro. Ademais, acórdase facer público por distintos medios para qué serviron as enquisas.

Prazo execución dos compromisos: 14 de novembro e finais de novembro respectivamente.

10.- Rolda aberta de intervencións

Miguel Dorribo quere clarificar que dentro de cada procedemento hai un responsable. Unha vez que se faga a nova comisión deberíamos informar das funcións que ten cada unha das persoas integrantes. Ademais, cada persoa debería coñecer claramente o procedemento e ata onde chega a súa responsabilidade.

Compromiso:

Adxudicar, no seu momento, unha persoa responsable de cada procedemento e tráelo ao próxima comisión de calidade 14 de novembro.

Prazo de execución do compromiso: 14 de novembro

Non habendo mais intervencións, levántase a sesión as 13:50 do día sinalado, do que dou fe como secretario.

O Secretario

Visto e prace

Francisco José Torres Pérez

Ana María Pita Grandal

Coordinador de Calidade

Decana